

***Non lle corresponde a unha forza política coma Cerna aplicar pero si demandar unha batería de medidas como:**

- *Utilización de todos os recursos sanitarios privados e dos centros públicos pechados para habilitar camas.*
- *Reforzo especial das equipas de Medicina Preventiva.*
- *Aumento do persoal en Atención Primaria para atención telefónica e a domicilio, en lugar de pechar as contratacións.*
- *Que a concentración de patoloxías respiratorias en determinados centros de saúde non supoña o peche de centros no rural.*
- *Habilitar centros para a hospitalización das persoas afectadas, utilizando centros do SERGAS pechados (exemplo, os que hai na área de Vigo), para facer fronte á fase 3 da epidemia. Utilizar estes mesmos edificios públicos para habilitar centros intermedios para persoas que non precisen hospitalización, tal e como propón a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría.*
- *Disposición inmediata de Equipas de Protección Individual Suficientes para centros e para o SAF.*
- *Maior reforzo de persoal en todas as categorías do SERGAS.*
- *Cumprimento estrito dos protocolos, tendo en conta que hai centros nos que se sigue convivindo en zonas comúns (CAPD Coruña).*
- *Prioridade e rapidez das probas diagnósticas en residencias: a persoal e a persoas internas.*
- *Intervir a atención sanitaria dende a Xunta de todos os centros de maiores, discapacidade e menores, con persoal sanitario do SERGAS facendo intervencións nos centros privados. Coordinación e mando único sociosanitario, como demanda a Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría.*
- *Dotación inmediata de persoal e recuperación inmediata tras a crise dos dereitos suspendidos do Vº Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Xunta de Galicia (a respecto do persoal de centros públicos).*
- *Reparto inmediato e coordinado das EPI para o SAF dos Concellos.*
- *Aumento inmediato de persoal do SAF cos fondos aprobados polo Goberno e achegando fondos da Xunta a maiores.*
- *Protocolo claro e unificado para o SAF.*
- *Aumento da información de servizo na CRTVG (sobre síntomas do virus, medidas do Estado de Alarma, información sobre os teléfonos sociais, etc).*
- *Maior reforzo da atención telefónica dos teléfonos sociais e, especialmente, da atención a maiores e da atención a infancia e adolescencia, tendo en conta as situacións de maltrato e abandono.*
- *Asemade, a apertura dos mercados de alimentos de proximidade, coas debidas normas de seguridade, desconxestionaría as áreas comerciais ás que, por outra parte, non se debería permitir abrir 24 h, medida que recae, sobre todo, no lombo do persoal de atención directa destas superficies.*